

A veciñanza de Boqueixón reduciu un 2,5% os residuos orgánicos dende 2018

A veciñanza de Boqueixón incrementou a reciclaxe de envases lixeiros e plásticos nun 5,6% e, ademais, reduciu os residuos orgánicos nun 2,5% dende o ano pasado. Así se desprende do balance do servizo municipal de recollida de lixo, tendo en conta os resultados obtidos entre xaneiro e setembro deste ano e do pasado.

“Estas cifras veñen a reflexar unha maior concienciación da nosa veciñanza sobre a importancia tanto de reducir os residuos orgánicos nos fogares como de incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros”, indica o alcalde do Concello de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. O rexedor lembrou que a redución rexistrada nos colectores verdes tamén pode vir motivada “pola segunda fase da campaña de compostaxe caseira posta en marcha entre febreiro e marzo en colaboración con Sogama. Agardamos seguir desenvolvendo este tipo de iniciativas nos vindeiros meses”, engadiu.

Foron preto de medio cento os composteiros entregados á veciñanza para incorporar o seu uso nos fogares, sendo máis de 100 os contedores repartidos entre a poboación nos últimos anos. “Grazas a este tipo de medidas, o Concello de Boqueixón asinou un convenio con Sogama que permite a baixada da taxa de recollida



O Punto Limpo do Concello de Boqueixón recepcionou preto de 120 toneladas de lixo durante o ano pasado

O Punto Limpo recibiu preto de 120 toneladas de refugallos

O punto limpo de Boqueixón recibiu 116,201 toneladas de lixo durante o ano pasado, das que preto de 50 toneladas son papel e cartón. A madeira foi outro dos materiais máis depositados no punto limpo, coa recepción de 17,2 toneladas en 2018. Os voluminosos, con 13,890 Ts., atópanse no terceiro lugar, mentres que no cuarto se sitúan os residuos de construción (10 Ts.), e no quinto, os

plásticos duros (6,2 Ts.).

As recepcións restantes divídense entre chatarra, cartón palla, cristal, film natural de embalar, electrodomésticos, residuos non reciclables, papelote de revista A-1, e pneumáticos, entre outros.

Entre xaneiro e agosto deste ano entregáronse no punto limpo preto de 86 toneladas de refugallos. Ao igual que no 2018, o papel e cartón son os residuos máis depositados.

do lixo nos fogares. Así, se neste ano o recibo fixouse en 62,53 euros, no 2020

aplicárase unha redución do 20% -correspondente a este 2019 e ao 2020-

baixando aos 50,02 euros. Xa no 2021 normalizarase a taxa a 56,27 euros. Canto meirande sexa a redución de residuos e maior a reciclaxe, máis posibilidades teremos de seguir rebaixando os custos do servizo”, concretou o alcalde.

No caso do 2018, cuxo total anual ascendeu a 1.289.900 quilos, depositáronse nos colectores verdes neses nove meses 964.780 quilos de residuos orgánicos nos colectores verde. No mesmo período do 2019, a cifra viuse reducida ata os 940.480.

Pola súa banda, a veciñanza tirou 24.160 quilogramos de residuos aos colectores amarelos no que vai de ano. Esta cantidade supón un 5,6% máis, pasando dos 22.880 aos 31.260 quilos.

Conclúe o programa de voluntariado xuvenil cun balance positivo

O proxecto de voluntariado xuvenil dos Concellos de Boqueixón e Vedra chegou ao seu fin cun balance positivo por parte da mocidade participante. O programa contou cun total de 20 persoas voluntarias con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos.

As actividades que se desenvolveron, principalmente durante os meses estivais, centráronse, no caso de

Boqueixón, na colaboración no desenvolvemento das actividades de conciliación do Verán Activo. A este labor tamén se sumaron outras accións como atención a peregrinos/as, ademais de propostas deportivas, culturais e ambientais.

Todas as actividades tiveron como obxectivo fomentar entre a xuventude unha actitude activa e participativa nas distintas tarefas.



Mozas e mozos de Boqueixón que participaron no programa de voluntariado



Escolares do grupo de tres anos dos cursos de inglés do Concello

Comezan os cursos de inglés do Concello de Boqueixón cun total de 114 participantes

Un total de 114 persoas iniciaron o pasado mes os distintos cursos de inglés ofertados dende o Concello de Boqueixón. O alumnado divídese en varios grupos: 2 de Educación Infantil; 5 de Primaria e 4 de Secundaria.

As clases impártense nas instalacións do CPIP Antonio Orza Couto. Mentras que nos grupos de Infantil e Primaria se reforzan os coñecementos na lingua de Shakes-

peare, no caso dos de Secundaria ofrécese a posibilidade de prepararse para acadar as certificacións B1 e B2 que acreditan unha serie de competencias básicas en distintas áreas, como a oral, a escrita e tamén a comprensión lectora.

De feito, dende o Concello de Boqueixón facilitan a posibilidade de realizar os exames de nivel para obter ditas certificacións oficiais.



Viaxe cultural a Toledo e Aranjuez

Máis de medio cento de veciños e veciñas dos municipios de Boqueixón e Vedra participaron nunha completa viaxe cultural a Toledo e Aranjuez. Nela tiveron a oportunidade de coñecer de preto ambas localidades.



O Club de Maiores actuou na residencia

O Club de Maiores de Boqueixón levou a súa afamada peza teatral *Urxencias* á residencia de Codeso. As persoas usuarias deste centro de maiores puideron gozar dunha animada tarde da man das historias presentadas na obra.

Programa especial do CIM polo Día Contra a Violencia de Xénero, 25-N

O CIM de Boqueixón pon este mes en marcha un amplo programa de actividades pola conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25-N). Así, a Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 9 de novembro a *I Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller*, que combinará os testemuños de tres mulleres sobrevivintes da violencia machista -Saladina Carrillo, Noelia Míguez e Emily Rodríguez- coa música de Marina Vidal e Sofía Silva e a exposición *BlasFemia*, de Sara Pardo Lareo. Esta mostra estará na Casa do Concello do 25 de novembro ao 20 de decembro e poderase visitar de balde.

A programación complétase cun obradoiro de prevención da violencia en parellas adolescentes.

Boqueixón atrae a emprendedores de proxectos de tipo enoturístico

Dous proxectos enoturísticos atopan no municipio de Boqueixón o enclave máis axeitado para o seu desenvolvemento. Ambas as dúas iniciativas, de carácter privado, poranse en marcha grazas aos fondos FEADER xestionados a través do GDR Terras de Compostela. O investimento total supera o medio millón de euros e beneficiará ás parroquias de Pousada e de Donas.

No primeiro caso, vén de abrir as súas portas un complexo de turismo enolóxico que oferta un total de 18 prazas de aloxamento singular. Promovido por Enoturismo María Manuela, este proxecto comprende a posta en marcha de 6 cabanas de madeira (unha delas accesible), integradas na paisaxe natural da parroquia de Pousada. Esta sería a primeira fase dun complexo enoturístico que contaría tamén cunha



Unha das cabanas de madeira que vén de abrir as súas portas en Pousada

adega de viño amparada pola D.O. Rías Baixas e 12 novas cabanas.

Por outra banda, estase a executar outro proxecto na parroquia de San Pedro de Donas. Neste caso, trátase dun complexo turístico rural, que ofertará 30 prazas de aloxamento

na modalidade de apartamentos turísticos. Para iso, a firma promotora -Garcilva, S.L.- está a rehabilitar edificacións para poñer en marcha un proxecto onde se fomente o turismo no rural potenciando o patrimonio, a paisaxe e os produtos agrícolas.



Máis actuacións coas Feiras Activas

As Feiras Activas de Boqueixón continuaron en outubro a súa andaina con dúas actuacións. A primeira delas correu a cargo de Kote Malabar, mentras que a segunda foi protagonizada por Luz do Ilicino, agrupación da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.

O Club de Maiores organiza un curso de informática

O Club de Maiores, en colaboración co Concello de Boqueixón, convoca o curso *Ponte ó día coas novas tecnoloxías*. Trátase dunha acción formativa de informática dirixida á poboación maior do municipio e que se pretende desenvolver entre os meses de novembro e xuño.

As sesións desenvólvanse os venres entre as 19.00 e as 20.30 horas na Aula de Usos Múltiples do

Concello de Boqueixón. O prezo do curso será de 10 euros por mes. As persoas interesadas deberán chamar ao teléfono 652 963 263, no que tamén poderán obter máis información.

O comezo das clases realizarase toda vez que se obteña un grupo de polo menos 10 persoas participantes. Por tanto, dende a organización aclaran que pode ser tanto en novembro como noutro mes.

Madrugadores, a aposta pola conciliación

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha o programa Madrugadores, un novo servizo que ratifica a súa firme aposta pola conciliación da vida familiar e laboral. Esta iniciativa dirixese a escolares de Educación Infantil e Primaria do CPIP Antonio Orza Couto e deu co-mezo con 8 cativos e cativas.

As persoas interesadas en utilizar este servizo aínda pode formalizar a súa solicitude. O custo do mesmo é de 30 € mensuais, mentres que o prezo por días soltos é de 3 €. As familias que desexen acollerse, deben cubrir a ficha de inscrición. Máis información, no Departamento de Educación.



Escolares participantes nas actividades do programa Madrugadores

AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

Domingo
3

Feiras Activas: Espectáculo de Xogos Paporrubio

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Espectáculo dirixido a público familiar. En caso de choiva, trasladarase ao 1 de decembro.

Sábado
9

Xornada do CIM de sensibilización en violencia contra a muller

Casa da Cultura
Camporrapado
17.00 horas
Entrada de balde
Xornada de sensibilización sobre violencia contra muller, con tres testemuños. Habrá exposición fotográfica, música e stand literario. Inscricións, no CIM.

Domingo
10

Feiras Activas: Xornadas Micolóxicas e espectáculo *Circanelo*

Carballeira de Rodiño
12.30 horas
As Xornadas Micolóxicas, organizadas pola AA.VV. Areosa de Sergude, complementarase co espectáculo de *Circanelo*.

Luns
11

Charla sobre manexo de teléfonos móbiles

Centro Social de Loureda
16.00 horas
Entrada de balde
Inscricións, no Dpto. Cultura.

Domingo
17

Ciclo de Teatro de Outono'19: Grupo de Teatro Licor Café

Casa Cultura Camporrapado
17.30 horas
Entrada de balde
Obra *Rosenda, unha criada indecente*, para todos os públicos. Colabora Club de Maiores.

Sábado
23

Ciclo de Teatro de Outono'19: Grupo de Teatro Charamela

Casa Cultura Camporrapado
19.00 horas
Entrada de balde
Obra *Pode ser calquera...*, apta para todos os públicos.

Luns
25

Exposición fotográfica *BlasFemia*, de Sara Pardo Lareo

Casa do Concello
Aberta ata o 20 de decembro
Visita libre
Actividade organizadas polo CIM de Boqueixón con motivo do 25-N. Horario de visita: de 09.00 a 14.30 horas.

Entre
22 e 30

VIII Ruta de Tapas *Que Rico estás Boqueixón*

Horario: De 12.00 a 15.00 e de 21.00 a 23.30 horas
Prezo por tapa: 2 euros
Participantes: Bar-Restaurante O Imprevisto, Café Bar O Záramo, Casa de Xantar Casa Castro, Restaurante Vente Vindo, Cervexería O Vikingo e Restaurante Vía da Prata. Como novidade, haberá actuacións de grupos musicais.

e en decembro...

Domingo
1

VIII Ruta de Tapas *Que Rico estás Boqueixón*

Horario: De 12.00 a 15.00 e de 21.00 a 23.30 horas
Prezo por tapa: 2 euros

Domingo
1

Ciclo de Teatro de Outono'19: RedRun Teatro

Casa Cultura Camporrapado
17.30 horas
Entrada de balde
Presentación da obra *Invisibles*, un espectáculo de sensibilización sobre a violencia de xénero, dirixida a público maior de 12 anos.

Domingo
8

Ciclo de Teatro de Outono'19: Club de Maiores de Boqueixón

Casa Cultura Camporrapado
17.30 horas
Entrada de balde
Pase da peza *Urxencias*, apta para todos os públicos.

Sábado
14

Ciclo de Teatro de Outono'19: Grupo de Teatro do Concello de Ames

Casa Cultura Camporrapado
19.00 horas
Entrada de balde
Representación de *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño, peza dirixida a público maior de 12. Colabora a Deputación provincial da Coruña.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com